



Santiago de Compostela, 10 de agosto de 2023

Queridos irmáns:

Nunha sociedade que vive tan rápidos cambios, que sufriu e sofre situacións de crises, de violencia e inxustiza que afectan dramaticamente á vida de tantas persoas e familias, os cristiáns non podemos ter unha mirada indiferente que se protexa na distancia e na asepsia dos diagnósticos. Como discípulos de Jesús, como Igrexa somos convocados a un compromiso transformador que nace da esencia mesma do Evanxeo, da proposta mesma do Reino de Deus: “Trátase de amar a Deus que reina no mundo. Na medida en que El logre reinar entre nós, a vida social será ámbito de fraternidade, de xustiza, de paz, de dignidade para todos. Entón, tanto o anuncio como a experiencia cristiá tenden a provocar consecuencias sociais” (EG 180).

Trátase da ineludible dimensión social da acción evanxelizadora que debe inspirar e motivar a vivencia da fe en Xesucristo. Este é o compromiso que asume a Irmandade Obreira de Acción Católica (HOAC) ao celebrar o seu XIV Asemblea Xeral, do 12 ao 15 de agosto de 2023, en Segovia, co lema *Tendendo pontes, derrubando muros. Igrexa no mundo obreiro tecendo vínculos de fraternidade: ser testemuñas do proxecto humanizador de Xesucristo no mundo obreiro e do traballo.*

Nesta Asemblea participarán seis militantes da HOAC da arquidiocese de Santiago de Compostela, que vivirán este acontecemento como unha oportunidade para o encontro, a comunión, a conversión e a memoria agradecida polos 75 anos de historia da HOAC. Encomendamos ao Señor os seus traballos para que esta asemblea sexa ocasión de profundar na súa identidade como discípulos misioneiros, a fin de “seguir mirando ao futuro, sendo Igrexa plantada no medio da vida obreira e tecendo historias de encarnación, de coidados e de abrazos”.

Que o Espírito que alentou ao apóstolo Santiago a ser testemuña do Evanxeo, anímenos a todos a seguir facendo presente de modo auténtico e integral o Reino de Deus no mundo.

Un cordial saúdo no Señor.

+ Francisco José Prieto Fernández
Arcebispo de Santiago de Compostela